



Expediente núm.: 391/2021

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Aprobación de convocatoria e bases de selección de persoal. Proceso selectivo para cubrir por promoción interna a praza de Oficial de Servizos Múltiples.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN POR PROMOCIÓN INTERNA DA PRAZA DE OFICIAL DE SERVICIOS MÚLTIPLES PREVISTA NA OFERTA PUBLICA DE EMPREGO DE 2018 E NOMEANDO AOS INTEGRANTES DO TRIBUNAL

Á vista dos seguintes antecedentes:

| Documento | Data/Núm. | Observacións |
|---|------------|---------------------------------|
| Providencia de Alcaldía | 24/09/2021 | |
| Informe de Secretaría | 24/09/2021 | |
| Bases Xerais da Convocatoria | 18/10/2021 | |
| Informe-Proposta de Secretaría | 18/10/2021 | |
| Resolución de Alcaldía aprobando a Convocatoria e as Bases | 18/10/2021 | |
| Anuncio BOP, publicación da convocatoria e as bases | 02/11/2021 | Corrección erros: 08/11/2021 |
| Anuncio DOG, publicación de convocatoria | 17/12/2021 | |
| Anuncio BOE, convocatoria e prazo presentación instancias | 22/01/2021 | |
| Comunicación aos Órganos que deban propor membros do Tribunal | 19/10/2021 | |
| Certificación Secretaría acreditativa dos traballadores que poden optar á praza | 08/02/2022 | |
| Certificacións de Secretaría acreditativa dos servicios prestados | 08/02/2022 | |
| Certificación Secretaría instancias presentadas | 21/02/2022 | |

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión nas probas deste proceso selectivo:

| | |
|-----------------------|------------------------------------|
| Denominación da praza | OFICIAL SERVICIOS MULTIPLES |
| Réxime | Laboral fixo |



| | |
|-----------------------|---|
| Unidade/Área | Obras e Servizos |
| Categoría profesional | Grupo IV, equivalente a C2, en aplicación da Disposición Transitoria Terceira.2 do TREBEP |
| Titulación exixible | Conforme ao artigo 76 EBEP Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria o equivalente |
| Sistema selectivo | <i>Concurso-Oposición</i> |
| Núm. de vacantes | Unha |

Realizados os trámites pertinentes para a formación do Tribunal cualificador.

De conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos/as:

MANUEL GÁNDARA SOUTO, único aspirante presentado.

Excluídos/as: ninguén

SEGUNDO. Vistas as propostas de membros/as realizadas polos Organismos correspondentes que deben formar parte do Tribunal que realizará a selección, designar como membros/as do Tribunal que debe xulgar as correspondentes probas a:

| Membro | Identidade |
|--------------|-----------------------------|
| Presidente/a | ROSA MARIA CORTES REDONDO |
| Suplente | DIONISIO CALVARRO SANCHEZ |
| Vogal | ESPERANZA GOYANES LOPEZ |
| Suplente | MANUEL MOUGAN REY |
| Vogal | TEODORO DE FRANCISCO ANTES |
| Suplente | LETICIA CARBAJAL CASTIÑEIRA |
| Vogal | RAMONA GIRALDEZ CARBALLO |
| Suplente | SONIA MARIA CACABELOS COBAS |

| | |
|--------------|-------------------------------------|
| Secretario/a | CONCEPCION E. SOLANO DE EYTO |
| Suplente | MANUEL SALVADOR FERNANDEZ ALCANTARA |

TERCEIRO. Notificar a presente resolución aos/ás membros/as designados/as para o seu coñecemento e efectos.

CUARTO. Publicar a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, así como a composición do Tribunal de Selección, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na sede electrónica deste Concello [<http://concelloasneves.sedelectronica.gal>] [*e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión*].

QUINTO. Os aspirantes excluídos/as ou aqueles/as que puideran resultar omitidos/as, por non figurar na relación provisional de admitidos/as ou de excluídos/as, disporán dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente no Rexistro Xeral deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Advírtese aos/ás interesados/as que, de non procederse á subsanación, en cada caso de que corresponda, serán declarados/as definitivamente excluídos/as.

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a presente resolución, de non presentarse reclamación algunha, a lista provisional de admitidos/as elevarase a definitiva. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución, estimándoas ou desestimándoas.

SEXTO. Os/as membros/as do Tribunal cualificador poderán ser recusados/as cando nos/as mesmos/as concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

